

Procedemento: Convocatoria 2024 de subvencións a salas de artes escénicas de titularidade privada

Asunto: Resolución de nomeamento da comisión de valoración

ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

1 Con data 19 de decembro de 2023, o Diario Oficial de Galicia, nº 239, publicou a Resolución do 30 de novembro de 2023 pola que se aproban as bases, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións a salas de artes escénicas de titularidade privada e se convocan para o ano 2024 (Código de procedemento CT402D).

2 A base 12ª desta convocatoria recolle que constituiranse unha comisión de avaliación das solicitudes presentadas. . A Comisión de Avaliación será nomeada pola persoa titular da Dirección da Agadic e estará constituída por:

- a) Dúas persoas do cadro de persoal da Agadic, unha das cales asumirá a presidencia.
- b) Unha persoa do cadro de persoal da Agadic, sen dereito a voto, que fará as funcións de secretario/a.

A mesma base recolle tamén que “a condición de vogal da comisión ten carácter persoal e non pode actuar por delegación nin ser substituído en ningún caso”.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1 Segundo o artigo 2 do Decreto 150/2012, de 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galegas das Industrias Culturais, correspóndelle á dirección, como órgano executivo da axencia, a súa dirección e xestión ordinaria.

2 No artigo 21 dos devanditos Estatutos, establécese que a Dirección ten entre as súas atribucións “instruír os procedementos sancionadores e os procedementos de concesión de axudas e subvencións”.

En base ao exposto

RESOLVO:

Nomear a comisión de avaliación deste procedemento de subvencións, que segundo a base 12ª terá a seguinte composición:

- Presidenta: María Paredes Rodríguez.
- Vogal: Mª Teresa de Arcos Rey.



- En calidade de persoa do cadro de persoal da Agadic, sen dereito a voto, que fará as funcións de secretario da comisión:

José Javier López Crende.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O Director da Agadic

Jacobo Sutil Nesta

